

Mariña Arbor Aldea/Carmen de Santiago Gómez*

LÍRICA ou como (re)visitar a Idade Media: Poesía, Historia e Arte como experiencias turísticas¹

Resumo: *Cultura trobadoresca-Cistercium experientia (LÍRICA)*, Piloto I do macroproxecto GEOARPAD – *Patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: Valoración e innovación*, márcase como obxectivo poñer en valor o patrimonio material e inmaterial dunha zona da Península Ibérica inmerecidamente deprimida, que non só ofrece unha riqueza artística senlleira senón que constitúe o berce dunha tradición literaria que guiou o canon da poesía lírica no centro e occidente ibéricos entre os séculos XII e XIV. Para acadar esta meta, tomamos como base a lírica profana galego-portuguesa, situándoa no contexto histórico, político, social e artístico en que se xestou, e analizando, máis en concreto, as relacións que se estableceron entre determinadas abadías cistercienses localizadas na área de actuación, as familias nobres alí implantadas e o protagonismo que estas tiveron na creación e na promoción da poesía trobadoresca.

Os resultados obtidos deste proceso de fixación sobre o terreo da lírica, do levantamento de elementos patrimoniais e artísticos e do establecemento das oportunas relacións entre eles divulgaranse mediante unha serie de materiais interactivos, audiovisuais e impresos creados para que os visitantes gocen e experimenten a Idade Media en toda a súa riqueza e esplendor.

Palabras clave: lírica profana galego-portuguesa; trobadores; turismo; territorio; novas tecnoloxías.

Abstract: *Cultura trobadoresca-Cistercium experientia (LÍRICA)*, Pilot I of macroproject GEOARPAD – *Patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: Valoración e innovación*, sets as a goal to rise the value of the material and inmaterial heritage from an unfairly deprived area of the Iberian Peninsula, which does not only offer a unique heritage richness but also constitutes the origin of a literary tradition that was the guideline for the canon of lyrical poetry in the Iberian centre and West between XII and XIV centuries.

* Universidade de Santiago de Compostela/Universidade de Santiago de Compostela.

1 Este traballo inscribese no marco do proxecto de investigación *Patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: Valoración e innovación. Piloto I: LÍRICA* (0358_GEOARPAD_1_Y), cofinanciado ao 75 % no marco do programa *Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020* a través do Fondo Europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) da Unión Europea, convocatoria 1.

To achieve this goal, we will take as a starting point the profane Galician-Portuguese lyric emplacing it in its historic, political, social and artistic context and analysing, more specifically, the relationships between certain Cister's abbeys located in our area of activity, the noble families living there and the importance that these had in the production and promotion of Galician-Portuguese texts. The results of this process of fixation of lyric on its own field, of testing historical and artistic heritage and establishment of convenient relationships between them, will be shared through interactive, audiovisual and printed materials to ensure visitors can experience and fully enjoy the Middle Age in all its glory.

Key words: profane Galician-Portuguese poetry; troubadours; territory; tourism; new technologies.

1. Proemio

Desde que en 1823 Lord Charles Stuart dera a coñecer o primeiro cancionero que copiaba parte do ata daquela oculto tesouro que era a lírica profana galego-portuguesa, os estudos sobre esta sucedéronse; non por acaso, a inxente bibliografía que hoxe está ao noso dispor comprende as sinaturas máis excelsas dos ambientes académicos máis prestixiosos, desde a Roma de Ernesto Monaci ata os vivísimos centros de investigación portugueses e galegos actuais, pasando pola Alemaña que viu nacer a Carolina Michaëlis, a Oskar Nobiling ou a Henry Lang, polo Portugal en que escribiron José Joaquim Nunes ou Manuel Rodrigues Lapa, polo Brasil de Celso Ferreira da Cunha ou pola América de Henry H. Carter².

Porén, fóra dos círculos académicos, a poesía dos *trobadores* é unha case total descoñecida. Con puntuais excepcións, nada sabe o gran público sobre os manuscritos que a copian, sobre as deleitosas *cantigas de amor, de amigo e de escarnio* que estes transmiten, e nada sabe, tampouco, dos seus autores, nin da sociedade que viu nacer e desenvolverse esta arte, *summa* de letra e música, que xa se asentaba no solar galego máis de medio século antes de que a figura que constitúe o punto de referencia xeral para case todos, Alfonso X, chegase ao trono³.

2 Para unha panorámica xeral dos estudos sobre a lírica profana galego-portuguesa –e, en particular, sobre o traballo ecdótico que a tomou como referente–, desde os seus inicios ata a actualidade, remitimos a Arbor Aldea (2013, 2017) e bibliografía citada.

3 Os ensaios publicados por Monteagudo (2008, 2013a) e Souto Cabo (2012a) sobre as orixes da poesía dos *trobadores* supuxeron un xiro copernicano na abordaxe deste asunto, xa que desprazaron a xestación e o desenvolvemento desta poesía do oriente ibérico á *Gallaecia Magna*, reorientado as achegas anteriores (véxase a bibliografía citada nos volumes referidos).

Cultura trobadoresca-Cistercium experientia (LÍRICA), Piloto I do macroproxeito GEOARPAD – *Patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: Valoración e innovación*, que ten como coordinadora xeral a AMTEGA⁴, nace, xustamente, para presentarlle á sociedade este inmenso e riquísimo legado, que debe situarse nun contexto político e nunhas coordenadas espazo-temporais moi concretos, e que debe vincularse a un patrimonio civil e relixioso dunha zona da Península case esquecida, inmercidamente deprimida, que, no caso que nos ocupa, comprende un amplo territorio que parte das terras de Oseira, na actual provincia de Ourense, e que chega ao distrito de Viana do Castelo, no norte de Portugal. Queremos, pois, volver ás esencias, ao berce da lírica que se desenvolveu no centro e occidente ibéricos entre os séculos XII e XIV e que estivo ao altísimo nivel da poesía que producían a galante Provenza, os selectos ambientes da doce Francia, a rexa Alemaña ou a requintada Italia.

2. O proxecto

2.1. Obxectivos

LÍRICA constitúe un proxecto de “investigación aplicada”, que toma como base a lírica medieval galega e os seus contextos e que se serve do deseño e da elaboración de diversos produtos que teñen o seu soporte nas últimas tecnoloxías dixitais para divulgar esta poesía. A súa orientación é clara: sacar –se nos permiten sinalalo con esta franqueza– a lírica medieval e o que dela sabemos das torres de marfil das Universidades e ofrecerlla á sociedade, a través de iniciativas que permitan a participación activa dos seus destinatarios na experiencia cultural que se lles brinda.

Para iso *LÍRICA* suma os saberes de tres grandes grupos de investigación, pertencentes a áreas aparentemente tan distantes como a filoloxía, a comunicación audiovisual e a informática, que se apoian, ademais, en expertos en historia, historia da arte, música e fotografía, constituíndose así nun multiproxeito definido por un forte carácter interdisciplinar, altamente creativo e con gran potencial de expansión e difusión:

4 AMTEGA, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia (<www.amtega.xunta.gal>).

Universidade de Santiago de Compostela.	Universidade do Porto SMELPS (Seminário Medieval de Literatura, Pensamento e Sociedade)	Contratos externos
--	--	--------------------

Mariña Arbor Aldea (Filoloxía, IP)	José Carlos Ribeiro Miranda (IP)	ACIGAL (Asociación de Monasterios del
Mercedes Brea (Filoloxía)	Maria do Rosário Ferreira	Císter de Galicia)
Pilar Lorenzo Gradín (Filoloxía)	António Resende de Oliveira	GOOD NEWS (vídeo documental)
Carmen de Santiago (Filoloxía)		Sara Fantini
Julián Flores (CITIUS)		Giordano Ceccotti
David Martínez Casas (CITIUS)		Lorenzo Novelli
Enrique Castelló (Comunicación Audivisual)		(música <i>apps</i>)
Héctor Rivero (Comunicación Audivisual)		Antoni Rossell,
		Sonia Reborido
		(canto, música <i>lyric video</i>)
Carlos Seijo (Comunicación Audivisual)		Senén Insua. Estudio Fotográfico (fotografía)
		Javier Castiñeiras (asesoramento histórico-artístico)

Imaxe 1 – Táboa de membros do proxecto

No deseño deste Piloto I, partimos dunha idea moi concreta, que conforma unha oportunidade única de traballo, isto é, que posuímos unha riquísima literatura medieval que pode asociarse a determinados círculos nobiliarios e que pode asentarse en áreas moi concretas do que hoxe coñecemos como Eurorrexión –isto é, Galicia e norte de Portugal, ata Porto, é dicir, a Galicia histórica–, áreas que contan, ademais, cun patrimonio artístico de gran valor e riqueza, pero que hoxe está completamente disgregado e que carece de calquera tipo de fío que lle dea conexión e atractivo. A esta idea de partida aínda pode sumarse unha segunda: esta radica no convencemento de que –como nos mostraron

experiencias como a chegada a Vigo do *Pergamiño Vindel*⁵– esta riqueza patrimonial e literaria é ignorada case por completo nun territorio marcado pola negación constante do seu pasado e polo descoñecemento xeneralizado da súa historia, e que ese patrimonio debe ser gozado polos habitantes da zona e polos visitantes que a el queiran achegarse.

Florenxia conta cunha ruta ou rutas de Dante⁶; Londres trazou un percorrido para Shakespeare⁷; o percurso cervantino sobrepasa xa nestes momentos A Mancha para abarcar diversos espazos polos que transitou a vida de Cervantes⁸; Nùoro, en Sardeña, dedicoulle unha ruta á gloria local Grazia Deledda, Premio Nobel de literatura en 1926⁹; Estocolmo explota con proveito a triloxía *Millennium*, do desaparecido Stieg Larsson¹⁰. Por que, daquela, Galicia e Portugal –coa excepción das iniciativas promovidas por Yara Frateschi Vieira, Janaína Marques Rocha, Isabel Morán Cabanas e José Antón Souto Cabo para Santiago de Compostela¹¹– non puxeron aínda en marcha iniciativas similares que, servíndose

-
- 5 O *Pergamiño Vindel* permaneceu exposto no Museo do Mar de Galicia (Vigo) entre o 10 de outubro de 2017 e o 4 de marzo de 2018, no seo da mostra *Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas*. Con motivo deste grande acontecemento, editouse un catálogo elaborado por algúns dos especialistas máis recoñecidos no ámbito da literatura, da historia e da arte medievais (Arbor Aldea *et al.*, 2017).
 - 6 As publicacións, en diferentes formatos, son múltiples. Referimos como exemplo Zani (2016).
 - 7 Véxanse, entre outras, estas referencias, localizables a través dunha rápida busca en Google: <<https://www.rumbo.es/blog/3-ciudades-shakespeare>>, <<https://www.azureazure.com/es/cultura/shakespeare-en-londres>> ou <<https://www.traveler.es/gastronomia/articulos/el-londres-desconocido-de-shakespeare/8499>> [consultado en 22/02/2019].
 - 8 Enviamos, a título de exemplo, e sempre servíndonos da procura en Google, a <<https://cervantes.withgoogle.com/es/>> [consultado en 22/02/2019].
 - 9 Cfr. <<https://www.sardegnaturismo.it/es/rutas/ruta-literaria-de-grazia-deledda-en-nuoro>> [consultado en 22/02/2019].
 - 10 Remitimos, polo seu detalle, a <http://blog.sweetsweden.com/wp-content/uploads/Guía_Millennium-VISITSWEDEN.pdf> [consultado en 22/02/2019].
 - 11 Os investigadores mencionados traballan no *Roteiro virtual da lírica medieval galego-portuguesa*, un proxecto apoiado pola Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago de Compostela que, centrado na propia cidade, ten como obxectivo promocional e relacionala cos trobadores a través de visitas a espazos composteláns emblemáticos. Esta iniciativa, que agora se desenvolve en soporte virtual, foi precedida por unha serie de publicacións en papel elaboradas polo mesmo equipo de estudosos (Morán Cabanas, Souto Cabo e Vieira, 2012, 2015).

dos máis modernos soportes dixitais, faciliten o acceso á cultura trobadoresca cun enfoque tecnolóxico e altamente innovador?

Estas ideas e a inquietude por recuperar os “puntos perdidos” do territorio, case esvaídos na memoria e que nunca asociamos á arte e á vivencia creativa, materializáronse neste Piloto I, que, ademais, suma outra experiencia: a cisterciense, como complemento aos vimbios con que trazamos o deseño inicial do proxecto. Partimos, pois, dos datos contrastados que posuímos para determinados autores, das cantigas que deles conservamos, da información existente sobre a implantación no terreo das familias nobres a que se adscriben estes trobadores e verbo da vinculación destas familias con importantes abadías do Císter: en definitiva, tomamos como base todo canto ata hoxe sabemos sobre o berce que viu nacer e desenvolverse o “espectáculo trobadoresco”, a poesía que guiou o canon da lírica hispánica entre os séculos XII e XIV¹².

2.2. Selección de autores e áreas de actuación

O Programa *Interreg*, en que se enmarca *LÍRICA*, ten, entre outros obxectivos, a finalidade de dinamizar áreas particularmente deprimidas da Eurorrexión, tanto desde o punto de vista económico como humano, aproveitando e xestionando o patrimonio de acordo co seu eixe 3: “Crecimiento sostenible a través de una cooperación transfronteriza por la prevención de riesgos y la mejora de la gestión de los recursos naturales”. *LÍRICA* responde a este principio, en tanto en canto quere pór en valor o patrimonio material e inmaterial, ademais dos recursos naturais e paisaxísticos, dunha zona da Península Ibérica senlleira pola súa riqueza artística e literaria.

Debido á restrición territorial que marca o propio programa, centrado na área Galicia-Norte de Portugal e na cooperación transfronteira, e debido á necesidade de cubrir as dúas ribeiras do Miño, realizamos unha primeira peneira entre

12 Constitúe o noso “punto cero” ou de inicio o magno estudo de A. Resende de Oliveira *Depois do espectáculo trovadoresco* (1994), que supuxo un cambio de paradigma na análise da lírica galego-portuguesa. No que se refire á cronoloxía, establecemento de familias nobres e contacto co territorio, son imprescindibles, aínda do propio Oliveira, os seus ensaios de 1995 e 2001. A estes volumes debemos engadir o traballo de Miranda (2004) e os xa citados na nota 2 do presente contributo. Así mesmo, os membros do equipo portugués de *LÍRICA* –M.^a Rosário Ferreira dos Santos, António Resende de Oliveira e José Carlos Ribeiro Miranda (UP-SMELPS)– elaboraron unha serie de materiais que serviron de base para situar tanto cronolóxicamente como espacialmente os poetas escollidos como representantes do movemento trobadoresco nas áreas de actuación do proxecto.

os trobadores que podíamos situar xeograficamente nas áreas sinaladas e que posuían unha produción poética atractiva, susceptible de ser tratada para o seu goce por parte dun público xeneralista. Tras analizar en detalle a bibliografía dos diferentes autores, tomamos como guía a:

- Fernan Paez de Tamalancos (ca. 1196–1242). Membro da liñaxe dos Varela, e natural do Tamalancos ourensán, foi tenente de Búbal na primeira metade do século XIII (Oliveira, 1994: 433; Souto Cabo, 2012b)¹³.
- Joan Soarez Somesso (ca. 1220–1250). Aínda que as últimas investigacións debaten a identificación do trobador cun de entre dous personaxes históricos posibles, ambos os dous pertencen ás familias dos Bravães e dos Fornelos, con tenencias na zona de Crecente (actual provincia de Pontevedra) (Souto Cabo, 2012a: 140–163; Monteagudo, 2013b; 2014)¹⁴.
- Pero Meogo (mediados século XIII). Este poeta, tradicionalmente considerado un xograr, foi identificado por parte da crítica especializada (Ferreira, 1999) cun prelado de San Pedro da Torre, vinculado por diferentes motivos a áreas do norte de Portugal, como Valença, Monção e Fiães¹⁵.



Esta selección de autores permitiunos definir dúas grandes áreas de actuación, que comprenden parte das antigas “terras” da Castela ourensá, despois fragmentadas nas “terras” de Castela, Orcellón, San Xoán de Pena Corneira e Nóvoa (ademais de Búbal), así como as “terras” de Toroño e, na ribeira Sur do Miño, Melgaço, con Fiães como núcleo sinalado, ademais de Monção e Valença, é dicir, parte do actual distrito de Viana do Castelo¹⁶. No seu interior, e como veremos ao presentar os produtos que definen os “entregables” do proxecto, procedemos a un ulterior acoutamento por necesidades de “control” e de interese do territorio.

13 Poden consultarse os oito textos conservados para este autor na edición elaborada por Martínez Pereiro (1992), dispoñible en liña na base de datos MedDB (<www.cirp.gal/meddb>) e nas edicións dixitais preparadas polos estudosos responsables dos portais Cantigas Medievais Galego-Portuguesas (<<http://cantigas.fcsh.unl.pt>>) e Universo Cantigas (<<https://universocantigas.gal>>).

14 A edición crítica das vintecinco cantigas que conforman o *corpus* de Somesso está recollida na magna obra de Michaëlis de Vasconcelos (1990 [1904], I: 31–65; 737–751), en Rios Milhám (2017: 77–101) e nas e nas bases de datos citadas na nota 13.

15 A identidade de Pero Meogo, porén, encontra oposición en Souto Cabo (2012c: 280–281), que considera que tras o trobador se agocha a figura de Pedro Vasco Meogo, clérigo presbítero da freguesía de San Simón de Ons de Cacheiras, veciña a Santiago de Compostela. Para os textos do poeta, véxase Cohen (2014) e nas bases de datos citadas na nota 13.

16 Para as antigas “terras” de Castela, remitimos a Duro Peña (1964) e a Fernández González (2006). Para a “terra” de Toroño, véxase Fernández Rodríguez (2004). Para Melgaço, Monção e Valença, consúltense as sínteses de Rocha (1988, 1991, 2001).



Imaxes 2, 3 – Mapas das áreas de actuación do proxecto elaborados por Good News

2.3. Produtos

LÍRICA concrétese na elaboración de varios produtos que consideran as directrices marcadas pola convocatoria *Interreg*, que prevé, como antes sinalamos, o traballo coas últimas tecnoloxías dixitais:

- 3.1. Rutas culturais-Apps
- 3.2. Pezas audiovisuais
- 3.3. *Lyric video*
- 3.4. Outros


2.3.1. Rutas culturais-Apps

O primeiro entregable do proxecto prevé a elaboración de dúas rutas turístico-culturais, centradas, respectivamente, nas figuras de Fernan Paez de Tamalancos e de Joan Soarez Somesso. Desde o punto de vista do territorio, a primeira abrangue diversas áreas das antigas “terras” da Castela ourensá e de Búbal, seguindo unha frecha que parte do Mosteiro de Oseira, que se asenta no actual concello de San Cristovo de Cea, e que ten o seu punto de chegada no Mosteiro de San Clodio, no tamén concello ourensán de Leiro. Comprende, polo tanto, os actuais concellos de San Cristovo de Cea, Vilamarín –onde se encontraría o antigo solar dos Tamalancos–, Coles, A Peroxa, Amoeiro, Maside, O Carballiño, Boborás e Leiro –con algún prolongamento a zonas adscritas a concellos limítrofes, como Ourense, onde hoxe se localiza o cenobio de Santa Comba de Naves, antes adscrito ás terras de Búbal, de que foi tenente, como xa indicamos, Fernan Paez de Tamalancos–. A segunda ruta integra as antigas “terras” de *Toronium*, desde Ribadavia (punto de partida) ata Fiães, Melgaço, Monção e Valença do Minho, pasando por A Cañiza e Crecente, áreas en que podemos situar a Somesso.

Para o trazado destes itinerarios procedeuse, primeiro a un levantamento de todos os elementos de interese patrimonial civil e relixioso, que se realizou en varias saídas en que se traballou sobre o terreo. Esa recolla de datos plasmouse, despois, na redacción dunha serie de fichas mínimas para os diversos recursos seleccionados polo seu interese artístico e pola súa relación coa cultura trobadoresca e cisterciense.

Debemos subliñar neste punto que, de entre as múltiples dificultades con que nos deparamos –mala sinalización, difícil acceso, descoñecemento de determinados elementos construtivos–, unha delas acabou converténdose nunha potencialidade máis para o proxecto: referímonos ao achado de determinados recursos apenas descritos na bibliografía especializada e, sobre todo, á falta dunha relación trabada e consistente entre os diferentes elementos do patrimonio que

supere a que pode considerarse habitual nunha guía turística ao uso e da que afecta aos bens considerados como BICs –por outra parte, tampouco sinalados como tales no lugar en que se localizan–. Entre estes elementos apenas estudados e descoñecidos para o gran público merecen destacarse, e só a título de exemplo, unha construción civil como o Castelo da Peroxa ou as numerosas imaxes de músicos ou executores que se encontran esculpidas nos canzorros de diversas igrexas –e, nalgún caso, nos propios tímpanos de acceso a estas–, que, no marco do proxecto, adquiren pleno significado.




Imaxe 4 – Fotografía aérea do Castelo da Peroxa realizada por Good News



Imaxe 5 – Capitel decorado da Igrexa de San Pedro de Trasalba. Fotografía de Senén Insua

Estas rutas están pensadas nun dobre nivel: o primeiro comprende un conxunto de puntos básicos, para visitantes que queiran completar o itinerario nun único día; o segundo abrangue unha selección de elementos complementarios, que está organizada, tamén desde o punto de vista loxístico, para que a visita poida realizarse en dobre ou múltiples xornadas.

Realícense nun ou en varios días, estes roteiros poden servirse das apps que preparamos para o seu uso en terreo con móbil. Estas *apps* contan con imaxes dos puntos seleccionados, todos xeorreferenciados, que van acompañadas por unha mínima descrición histórico-artística do recurso, reconstrución de elementos singulares a partir de planimetría –é o caso de Santa Comba de Naves ou do Castelo da Peroxa, por citar dous exemplos–, enlace co trobador que funciona como guía do itinerario, melodía gravada a partir da notación musical conservada para os textos líricos e cantiga ilustrativa do movemento poético obxectivo do proxecto¹⁷.



Imaxe 6 – Reconstrución en 3D do Mosteiro de San Clodio (Leiro, Ourense)

17 O desenvolvemento das *apps* correu a cargo de Julián Flores e de David Martínez (CRRUS), que estiveron asesorados no seu traballo tanto polo grupo de Filoloxía da USC como por ACIGAL e Javier Castiñeiras (Universidade de León). A música é responsabilidade dos expertos musicólogos italianos Sara María Fantini, Giordano Ceccotti e Lorenzo Novelli.

Dirección do proxecto

Mariña Arbor Aldea

Axudante de coordinación

Carmen de Santiago Gómez

Equipo de investigación

Mariña Arbor Aldea

Mercedes Brea

M^a do Rosário Ferreira dos Santos

Pilar Lorenzo Gradín

José Carlos Ribeiro Miranda

António Resende de Oliveira

Carmen de Santiago Gómez

Agradecementos

Mosteiro de Santa María a Real de Oseira

Eurostars Monumento Mosteiro de San Clodio Hotel & Spa

Parador de Balona

Cámara Municipal de Melgaco

Concello de Amoeiro

Concello de Boborás

Concello do Carballiño

Concello de Castro de Miño

Concello de Coles

Concello de Leiro

Concello de Meión

Concello de Ourense

Concello da Peroxa

Concello de Ribadavia

Concello de San Cristovo de Cea

Concello de Vilamarín

Coordinadora da Festa da Istoria

José António Souto Cabo

Pär Larson

Manuel Ferreiro

José Luís Sobrado (CE Chamoso Lamas)

Andrea Arbor

ACIGAL

Música

Antía Arbor

Giordano Ceccotti

Sara Fantini

Lorenzo Novelli

Sonia Reborido

Antoni Rossell

Equipo técnico

Jessica Martín Fernández

Serafín Barros Garbín

Jaime Fernández Acuña

Suso Malla de las Heras

Alan R. Baeza Cabrisas

Lola García




Imaxes 8, 9, 10 – Imaxes do vídeo documental elaborado por Good News

2.3.3. *Lyric video*

Toma como base a cantiga de Pero Meogo [*Levou-s' aa alva*], *levou-s' a velida*, unha composición que destaca no conxunto da lírica trobadoresca pola súa narratividade e pola súa intensa carga simbólica. Nesta *performance* explotáronse, desde a ruptura que impón a ollada do mundo medieval desde a contemporaneidade, os elementos presentes no poema, que evoca o encontro dos amantes e a consumación amorosa: a doncela, o *amigo*, a auga fría da fonte, a alba, o cervo, que se completaron con imaxes reais e/ou figuradas de elementos artísticos e da natureza, así como cun mapa sonoro elaborado ao efecto que lle dá profundidade ao texto e con elementos propios dos manuscritos que envían a peza de Meogo¹⁹.


19 O poema foi cantado polo musicólogo e experto en lírica medieval Antoni Rossell, da Universidade Autónoma de Barcelona, co traballo, que estivo apoiado polo son de Héctor Rivero e do produtor Pedro González. Prepararon a parte visual da peza Enrique Castelló (Comunicación audiovisual) e o grupo *Maxina*, con Carlos Seijo á cabeza. Todos eles estiveron asesorados polo grupo de Filoloxía da usc. O *lyric video* pode descargarse en <<http://www.usc.es/filrom/projects/patrimonio-cultural-de-la-euro-region-galicia-norte-de-portugal/>> e na propia páxina do proxecto: <<https://www.geoarpad.eu/gl/levousaa-alva-levousa-velida>>.



Imaxes 11, 12 – Imaxes do lyric video

2.3.4. Outros

Á marxe destes produtos, que podemos definir como “tecnolóxicos”, e conscientes de que o usuario menos especializado non terá acceso a eles –cando o propio acceso á rede existe en determinadas áreas do rural interior–, preparamos outros materiais de corte máis “clásico”, que poden completar o espectro de destinatarios. Deseñamos así guías impresas para as rutas culturais, mostras fotográficas concertos que se celebraron na fase final do proxecto en puntos clave das zonas de actuación e o que consideramos un dos produtos mimados deste traballo, o libro-álbum artístico, *Vai lavar cabelos na fontana fría. As orixes da lírica hispánica* (Arbor Aldea et al., 2019), que conta cun limiar redactado con rigor e sinxeleza en que se describe a lírica e as súas coordenadas, textos dos autores seleccionados, estudo da música dos poemas, gravación destes e fotografías artísticas²⁰.



20 A análise musicolóxica e a gravación das cantigas que se inclúen no volume corren a cargo da experta italiana Sara Maria Fantini. As fotos e o seu acompañamento escrito son da autoría de Senén Insua. O estudo literario e a preparación do volume son responsabilidade de Mariña Arbor Aldea. As biografías dos autores, selección de cantigas e tradución destas ao galego moderno débense ás dúas autoras do presente traballo. A música pode descargarse en <www.usc.es/filrom/projects/patrimonio-cultural-de-la-eurorregion-galicia-norte-de-portugal>.

ÍNDICE

Introdución

MARINA ARBOR ALDEA

Unha Provenza hispánica. A lírica profana galego-portuguesa
no seu marco histórico e cultural

MARINA ARBOR ALDEA

As *cantigas* e os seus autores

MARINA ARBOR ALDEA & CARMEN DE SANTIAGO GÓMEZ

Cantando ia la dona d'algo: a música das *cantigas*

SARA MARIA FANTINI

Desertos, reflexos e nulidades. O territorio trobadoresco, hoxe
SENÉN INSUA

Imaxes 13, 14 – Imaxes do libro-álbum artístico


3. Conclusio

LÍRICA comezou a súa andaina cunha presentación pública en xuño de 2017. Desde aquel día, o equipo do proxecto traballou sobre o territorio, non só no levantamento patrimonial, senón no establecemento dunha fecunda canle de comunicación cos interlocutores que eran os destinatarios finais desta iniciativa: concellos, entidades culturais, asociacións de estudos locais e xestores de turismo, entre outros, tal e como esixía o Programa *Interreg* e o propio aproveitamento do proxecto. De feito, este só podía dar froitos granados se nel participaban activamente as entidades radicadas nas áreas seleccionadas, que contribuíron á realización dos produtos, uns produtos que son “de retorno”, é dicir, que foron pensados para o goce das propias entidades implicadas e para os seus visitantes, para brindarlles a estas a integración do seu potencial histórico-artístico e dos seus saberes, que apenas contaban con recoñecemento, nunha entidade aglutinadora e divulgadora do seu labor.

LÍRICA está nas redes sociais²¹, desde onde interacciona con usuarios que non están na órbita dos concellos ou das asociacións culturais con que colaboramos,

21 <<https://www.facebook.com/Cultura-trobadoresca-Cistercium-Experiencia-196609711083284/>>.

e está tamén na prensa e nas televisións locais. Ademais está, e estará sobre todo, no web <<https://www.geoarpad.eu/gl>>: esta fiestra permitirá que o mundo se aproxime ao noso riquísimo, pero tan deprimido e esquecido, *Finisterrae*, e ao seu inmenso legado patrimonial, de que tanto debemos presumir e que debemos captar nas súas esencias para proxectalo nun futuro que debe ser tan aberto como polivalente e esperanzador. Trátase de volver ás esencias, si, pero non para ficar nelas, senón para ser e facer un orgullo de país.



Imaxe 15 – Páxina de inicio do web de GEOARPAD

Bibliografía

- Arbor Aldea, Mariña (2013), “Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa (I)”, *Revista Galega de Filoloxía*, XIV, p. 11–41.
- Arbor Aldea, Mariña (2017), “Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa (II)”, *Revista Galega de Filoloxía*, XVIII, p. 11–47.

- Arbor Aldea, Mariña *et al.* (2017), *Pergamiño Vindel: un tesouro en sete cantigas*, Vigo: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Cultura, Museo do Mar de Galicia.
- Arbor Aldea, Mariña *et al.* (2019), *Vai lavar cabelos na fontana fría. As orixes da lírica hispánica*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Cohen, Rip (2014), *The Cantigas of Pero Meogo*, Washington, D.C: Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric, – Dispoñible en: <<https://blogs.commonsgorgetown.edu/cantigas/files/2013/05/Cohen-Meogo-NOVISSIMA-EDITIO-371a-rev3-Edition-mjf.pdf>> [consultado en 22/02/2019].
- Duro Peña, Emilio (1964), “Las antiguas dignidades de la Catedral de Orense”, *Anuario de Estudios Medievales*, 1, p. 289–332.
- Fernández González, Frutos (2006), “Reflexións sobre a historia da Castela ourensá”, *Ágora do Orcellón*, 13, p. 15–32.
- Fernández Rodríguez, Manuel (2004), *Toronium. Aproximación a la historia de una tierra medieval. Cuadernos de estudios gallegos*, Anexo XXXI, Santiago de Compostela: CSIC-Xunta de Galicia.
- Ferreira, M.^a do Rosário (1999), *Águas doces, águas salgadas: da funcionalidade dos motivos acuáticos na Cantiga de Amigo*, Porto: Granito.
- Littera = Lopes, Graça Videira (ed. coord.) (2016): *Cantigas medievais galego-portuguesas. Corpus integral profano*, Lisboa: Biblioteca Nacional de Portugal/Instituto de Estudos Medievais/Centro de Estudos de Sociologia e Estética Musical (2 vols.) – *Corpus* en rede dispoñible en: <<http://cantigas.fcsh.unl.pt>> [consultado en 26/02/2019].
- Martínez Pereiro, Carlos Paulo (1992), *As cantigas de Fernan Paez de Tamalancos*, Santiago de Compostela: Laiovento.
- MedDB = Brea, Mercedes (1998-), *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en: <<http://www.cirp.gal/meddb>> [consultado en 31/10/2018].
- Miranda, José Carlos Ribeiro (2004), *Aurs Mesclatz ab Argen. Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*, Porto: Guarecer.
- Monteagudo, Henrique (2008), *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldeas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Monteagudo, Henrique (2013a), “Nas orixes da lírica trobadoresca galego-portuguesa”, en Fernando López Alsina; Henrique Monteagudo; Ramón Villares e Ramón Yzquierdo Perrín (coords.), *O século de Xelmírez*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, p. 387–437.

- Monteagudo, Henrique (2013b), “A personalidade histórica do trobador Johan Soayrez Somesso”, en Rosario Álvarez; Ana Maria Martins; Henrique Monteagudo e Maria Ana Ramos (eds.), *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, p. 421–452.
- Monteagudo, Henrique (2014), *A nobreza miñota e a lírica trobadoresca na Galicia da primeira metade do século XIII: a personalidade histórica do trobador Johan Soayrez Somesso, os trobadores Afonso Soarez Sarraça e Estevan Fayan*, Noia: Toxosoutos.
- Morán Cabanas, M.^a Isabel; Souto Cabo, José António e Vieira, Yara Frateschi (2012), *O amor que eu levei de Santiago*, Noia: Toxosoutos.
- Morán Cabanas, M.^a Isabel; Souto Cabo, José António e Vieira, Yara Frateschi (2015), *O caminho poético de Santiago: lírica galego-portuguesa*, São Paulo: Cosac Naify.
- Oliveira, António Resende de (1994), *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa: Colibri.
- Oliveira, António Resende de (1995), *Trobadores e xograres. Contexto histórico*, Vigo: Xerais.
- Oliveira, António Resende de (2001), *O Trovador galego-português e o seu mundo*, Lisboa: Notícias.
- Rios Milhám, José (2017), *Lírica trovadoresca em língua portuguesa. Exercícios ecdóticos I*. Disponível en: <https://www.academia.edu/33877336/L%C3%A1brica_trovadoresca_em_l> [consultado en 22/02/2019].
- Rocha, José Marques (1988), *Monção. Uma monografia*, Porto: Asa.
- Rocha, José Marques (1991), *Valença*, s.l: s.n.
- Rocha, José Marques (2001), *Melgaço. Da prehistoria ao século XXI*, Braga: Grafibraga artes gráficas.
- Souto Cabo, José António (2012a), *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*, Niterói-RJ: Editora da UFF.
- Souto Cabo, José António (2012b), “Fernando Pais de Tamalhanços: trovador e cavaleiro”, *Revista de Literatura Medieval*, 24, p. 231–267.
- Souto Cabo, José António (2012c), “En Santiago, seend’ albergado en mia pousada. Nótulas trovadorescas compostelanas”, *Verba*, 39, p. 273–298.
- Universo Cantigas* = Ferreiro, Manuel (dir.) (2018-), *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*, A Coruña: Universidade da Coruña. Disponível en: <<http://universocantigas.gal>> [consultado en 26/02/2019].

Vasconcelos, Carolina Michaëlis de (1990), *Cancioneiro da Ajuda*, Lisboa: Imprensa Nacional – Casa da Moeda (2 vols.) [reimpressão da edição de Halle: Max Niemeyer, 1904].

Zani, Daniela (2016), *Sulle orme di Dante. Guida alla Firenze Medievale*, Firenze: CSS Edizioni.